

DONA M.^a DEL CARMEN PIELTAIN FERNÁNDEZ, CONCELLEIRA SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO EXCMO. CONCELLO DE FERROL.

CERTIFICADO: Que a Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o día 08 de agosto de 2024, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

16.- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN CO ATENEO FERROLÁN PARA O MANTEMENTO E APERTURA DA BIBLIOTECA DA ENTIDADE. MANTEMENTO E APERTURA DO CENTRO CULTURAL PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES CULTURAIS. (EXPEDIENTE CIVIDAS 2024023290). Examinada a proposta que eleva o Concelleiro Delegado de Cultura, que textualmente di:

“ANTECEDENTES

A Xunta de Goberno Local do Concello de Ferrol en data 13/2/2024 aprobou o Plan Estratéxico de Subvencións do Concello de Ferrol para o período 2024-2026. O dito acordo foi publicado no BOP da Coruña núm. 39 do 23/2/2024.

No dito plan recollese una liña estratéxica LS 3.1. Subvencións dirixidas ás entidades sen ánimo de lucro do Concello de Ferrol para a organización de actividades culturais; subvencións directas de carácter excepcional.

O Orzamento Xeral vixente do Concello de Ferrol contén, no anexo de subvencións nominativas (aprobado polo Acordo de Pleno de data 29 de febreiro de 2024) unha subvención coa entidade **ATENEO FERROLAN** por un importe de **20.000 €** e coa finalidade do Mantemento e apertura da biblioteca da entidade. mantemento e apertura do Centro Cultural para desenvolvemento de actividades culturais, que xestionará o Servizo de Cultura, Educación, Deportes e Turismo, e que se encadra na liña estratéxica LS 3.1 do Plan Xeral de Subvencións do Concello de Ferrol .

IMPORTE	PERCEPTOR	NIF	FINALIDADE
20.000 €	ATENEO FERROLAN	G15037468	Mantemento e apertura da biblioteca da entidade. mantemento e apertura do Centro Cultural para desenvolvemento de actividades culturais

Con data 21/6/2024 (RE 2024037789) e 16/7/2024 (RE 2024042398), a entidade **ATENEO FERROLAN**, con NIF **G15037468**, presentou a solicitude de formalización do convenio citado coa seguinte documentación:

1. Solicitude
2. Modelo declaración responsable que figura como Anexo I.
3. Proxecto detallado.
4. Designación conta bancaria.

A citada entidade cumpre os requisitos esixidos pola normativa estatal e autonómica relativa ás subvencións, e así consta no expediente.

Así, respecto da tramitación do expediente de subvención, establece o artigo 22.2 a) da Lei 38/2003, 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), que poderán concederse de forma directa as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos das entidades locais, nos

termos recollidos nos convenios e na normativa reguladora¹ destas subvencións. A Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Ferrol, aprobada en Pleno Municipal en sesión realizada o día 15 de outubro de 2019 e publicada no BOP o día 21 de outubro de 2019, prevé, no seu artigo 20, que poderán concederse de forma directa as subvencións a que se refire o artigo 22.2 a) da LXS, e os convenios serán o instrumento habitual para outorgar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos municipais.

O artigo 64 do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da LXS regula o procedemento de concesión das subvencións previstas nominativamente nos orzamentos:

“1. A efectos do disposto no artigo 22.2 a) da Lei Xeral de Subvencións, son subvencións previstas nominativamente nos Orzamentos Xerais do Estado, das Comunidades Autónomas ou das Entidades Locais, aquelas cuxo obxecto, dotación orzamentaria e beneficiario aparecen determinados expresamente no estado de gastos do orzamento.

2. Na Administración Xeral do Estado, nas Entidades Locais e nos organismos públicos vinculados ou dependentes de ambas, será de aplicación ás devanditas subvencións, en defecto de normativa específica que regule a súa concesión, o previsto na Lei Xeral de Subvencións e neste Regulamento, salvo no que nunha e outro afecte á aplicación dos principios de publicidade e concorrência.

3. O procedemento para a concesión destas subvencións iniciárase de oficio polo centro xestor do crédito orzamentario ao que se imputa a subvención, ou a instancia do interesado, e terminará coa resolución de concesión ou o convenio.

En calquera dos supostos previstos neste apartado, o acto de concesión ou o convenio terá o carácter de bases reguladoras da concesión para os efectos do disposto na Lei Xeral de Subvencións.

A resolución ou, no seu caso, o convenio deberá incluír os seguintes extremos:

a) Determinación do obxecto da subvención e dos seus beneficiarios, de acordo con a asignación orzamentaria.

b) Crédito orzamentario ao que se imputa o gasto e contía da subvención, individualizada, no seu caso, para cada beneficiario se fosen varios.

c) Compatibilidade ou incompatibilidade con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administracións ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

d) Prazos e modos de pago da subvención, posibilidade de efectuar pagos anticipados e abonos a conta, así como o réxime de garantías que, no seu caso, deberán achegar os beneficiarios.

e) Prazo e forma de xustificación por parte do beneficiario do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e da aplicación dos fondos percibidos”

A aprobación do expediente deberá ir precedida do informe favorable da Asesoría Xurídica e da Intervención Municipal.

NORMATIVA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS).
- Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Título X da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia
- Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais

- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.
- Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.
- Ordenanza xeral de subvencións do Concello de Ferrol (BOP da Coruña nº 200, de 21/10/2019).
- PLAN ESTRATÉXICO de SUBVENCIONES do CONCELLO de FERROL 2024-2026 publicado no B.O.P. da provincia da Coruña n.º 39, o 23 de febreiro de 2024
- Instrución 6/2004 do Concelleiro delegado de Alcaldía, Promoción Económica e Emprego, Fondos Europeos, Participación e Atención Cidadá, Organización Interna e Contratación de data 23 de maio de 2024

COMPETENCIA

As resolucións que se adopten nesta materia son competencia da Xunta de Goberno Local, segundo o disposto no artigo 127 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora de Bases do Réxime Local e no no acordo da propia Xunta de Goberno Local de data 11/12/2023 (BOP n.º 241 de 20/12/2023)

En consecuencia, **proponse á Xunta de Goberno Local adoptar os seguintes acordos:**

Primeiro. Conceder á entidade **ATENEO FERROLAN**, con NIF **G15037468**, (EXP. **2024023290**) unha subvención destinada ao financiamento de **Mantemento e apertura da biblioteca da entidade. mantemento e apertura do Centro Cultural para desenvolvemento de actividades culturais**

Segundo. Aprobar a sinatura do convenio regulador da subvención, segundo a proposta que figura no expediente, entre o Concello de Ferrol e **ATENEO FERROLAN**, para o período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2024, co fin de contribuír ao financiamento das actividades citadas no apartado anterior e delegala no concelleiro competente por razón da materia.

Terceiro. Autorizar e dispoñer o gasto a favor da entidade **ATENEO FERROLAN**, con NIF **ATENEO FERROLANG15037468**, por importe de **20.000** euros, gasto imputable á aplicación **05101 3341 48000 RC núm. 224100636 ref. 475** do Orzamento Municipal en vigor, que se fará efectiva e se xustificará de conformidade co establecido no convenio a subscribir e na Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e na Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Ferrol.

Cuarto. No caso de que a entidade teña algún convenio ou subvención de exercicios pechados pendentes de xustificar, o recoñecemento da obriga quedará condicionado ao peche con conformidade das xustificación.

Quinto.- Suministrar a información sobre a concesión á Base de Datos Nacional de Subvencións.

Ferrol na data da sinatura dixital,
O xefe de servizo de Cultura, Educación,
Deportes e Turismo,
Joaquín Martínez Cubero

O concelleiro de Cultura

José Antonio Ponte Far

ANEXO I

TEXTO DO CONVENIO QUE SE PROPÓN APROBAR

CULTURA

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE FERROL E O ATENEO FERROLÁN

REUNIDOS

Dunha parte, Don José Antonio Ponte Far, con DNI 33189343K, Concelleiro Delegado de Cultura do Concello de Ferrol, con CIF P-1503700-E.

E doutra, don Javier Montero Dongil, con DNI 32.613.943N, presidente do Ateneo Ferrolán, con CIF G15037468.

Da fe do acto dona Paula María Vázquez Carrasco, a Oficial Maior como titular do órgano de apoio á XGL.

Os comparecentes interveñen no uso das facultades que, por razón dos seus cargos, estanlles atribuídas.

MANIFESTAN

Dado o interese coincidente do Concello de Ferrol e da entidade na ambas as dúas partes,

ACORDAN

Formalizar este convenio de colaboración conforme ás seguintes cláusulas:

PRIMEIRA.- OBXECTO

É obxecto deste convenio establecer as bases de colaboración entre o Concello de Ferrol e o ATENEO FERROLÁN, para a colaboración no Mantemento e apertura da biblioteca da entidade. mantemento e apertura do Centro Cultural para desenvolvemento de actividades culturais, tal e como se describe no proxecto e no calendario de actividades presentados polo beneficiario.

SEGUNDA.- GASTOS SUBVENCIONABLES

De acordo coa Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, os gastos subvencionables serán aqueles que, sen ningunha dúbida, respondan á natureza da actividade subvencionada, sexan estritamente necesarios, se realicen no prazo de execución que se estableza e sexan efectivamente pagados dentro do período de xustificación.

No caso de que o importe dalgún dos gastos subvencionables supere a contía que se estableza na normativa de contratación pública vixente para o contrato menor, o beneficiario deberá solicitar, polo menos, tres ofertas de diferentes provedores, salvo que polas especiais características dese gasto se acredite que non exista no mercado suficiente número de entidades ou que o gasto se tivese realizado con anterioridade á concesión da subvención.

Só serán subvencionables os gastos correntes que se detallen no orzamento incluído no proxecto admitido polo órgano xestor. Dependendo da natureza do proxecto a desenvolver, estes gastos correntes poderán consistir en:

- a) Gastos de persoal, que incluírán as retribucións salariais e os gastos de Seguridade Social a cargo do beneficiario.
- b) Subministracións tales como electricidade, combustibles de calefacción e de vehículos, auga, material funxible de oficina, teléfono, internet, produtos de limpeza e desinfección (por exemplo, xel hidroalcohólico e outros similares).
- c) Seguros de responsabilidade civil e/ou de accidentes.
- d) Gastos de reparacións, mantemento e conservación dos bens utilizados.
- e) Gastos de adquisición doutros servizos necesarios para o proxecto, por exemplo, servizos de asesoría contable, laboral e/ou administrativa (incluídos os necesarios para a axeitada tramitación da subvención), servizos de publicidade e comunicación, propaganda, reprografía e organización de reunións e eventos.
- f) Aluguer de locais e/ou de construcións provisionais (por exemplo, casetas), de equipos de imaxe e son, e, en xeral, de equipamentos que sexan estritamente necesarios para o proxecto e só durante o seu período de execución.
- g) Os honorarios de persoas físicas que interveñan como relatoras, conferenciantes, profesores, participantes, árbitros ou monitores nas actuacións do proxecto subvencionado,

debedo realizar o beneficiario as retencións de IRPF que, no seu caso, resulten procedentes.

h) Os tributos serán gasto subvencionable sempre que o beneficiario os aboase efectivamente. O IVE será subvencionable cando o beneficiario o aboase e non o deducise posteriormente

i) Os gastos financeiros derivados da realización de operacións para o pago dos gastos subvencionables, tales como comisións por transferencias, por emisión de cheques nominativos, por adeudos en conta ou similares.

j) Os custos indirectos poderán imputarse polo beneficiario na parte que razoablemente corresponda de acordo cos principios e normas de contabilidade xeralmente admitidas e, en todo caso, na medida en que correspondan ao período de realización do proxecto, tendo como límite máximo o 5% do importe da subvención. Nese caso, na memoria xustificativa deberá explicarse detalladamente o criterio de imputación e o tipo de gasto ao que se refiren.

k) Cando no proxecto aprobado se inclúa a organización de certames ou concursos de calquera tipo, probas ou competicións deportivas, os premios que se outorguen aos gañadores serán gasto subvencionable, sempre que sexan acordos ao disposto nas bases que regulen esas convocatorias de certames, concursos, probas e competicións, e se achegue unha acta do xurado do certame ou concurso, ou a acreditación adecuada dos resultados das probas e competicións deportivas.

l) Calquera outro gasto corrente especificado no orzamento que se inclúa no proxecto admitido e aprobado na resolución de concesión -convenio- e aqueles que polas súas características sexan propios da finalidade da subvención (por exemplo, os de tipo deportivo referentes a desprazamento de os equipos para participar en competicións, gastos de mutualidades, federacións, entre outros), sempre que correspondan á execución do proxecto aprobado. A estos efectos, xunto coa conta xustificativa a presentar coa xustificación da subvención, presentase unha declaración responsable de que os gastos incluídos na relación que se achegue se afectaron exclusivamente ao cumprimento da finalidade da subvención.

En ningún caso serán gastos subvencionables:

- Os intereses debedores de contas bancarias.
- Os intereses, recargos e sancións administrativas e penais.
- Os gastos de procedementos xudiciais.
- Os gastos realizados fóra do prazo de execución do proxecto nin aqueles gastos que se paguen unha vez finalizado o prazo de xustificación.
- Os gastos suntuarios (artigos de luxo) nin os derivados de celebracións gastronómicas ou atencións protocolarias salvo que sexan estritamente necesarios e así se relacionen expresamente no proxecto presentado e aprobado polo Concello.
- Indemnizacións por despedimentos.

De acordo co artigo 24.3 da Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Ferrol (BOP N.º 200, de 21/10/2019) poderase admitir como documento xustificativo da realización do gasto documentos denominados “recibís” nos seguintes supostos e coas seguintes condicións:

- Abono de ponencias ou conferencias.

Esixirá a certificación por parte da entidade beneficiada de que a persoa contratada para a dita ponencia ou conferencia carece da condición de empresario ou profesional en relación a dita actividade como conferenciante, polo que non existe a obriga de expedir factura, así

como a declaración deste no mesmo senso, e deberá incluír as retencións ou ingresos a conta tributarios que procedan no seu caso.

- Abono de premios.

Esixirá a acreditación por parte da entidade beneficiaria da correspondente convocatoria de premio, expresiva dos criterios para o seu outorgamento, e do órgano ou persoas responsables de dito outorgamento, así como orixinal ou copia compulsada da acta na que se reflicte o fallo ou resultado de dito premio, na que se conteña a identidade dos premiados (nome/razón social, DNI/CIF...) e o importe que corresponde a cada un deles. O “recibi” deberá conter as retencións ou ingresos a conta tributarios que procedan no seu caso.

- Indemnización de gastos de transporte, aloxamento e/ou axudas de custo.

Esixirá unha memoria xustificativa da necesidade e imprescindibilidade de dito traslado, en relación ao obxecto da subvención, comprensiva do traxecto e kilómetros obxecto de compensación, desagregado por días de realización do servizo de que se trate, identificación do vehículo ou medio de transporte empregado no seu caso e xustificación da improcedencia de empregar medios de transporte conxuntos.

Dende o punto de vista subxectivo deberá achegarse un certificado da entidade beneficiada acreditativo de que non procede a formalización dun contrato laboral entre dita entidade e a persoa que recibe dita indemnización.

En todo caso o importe subvencionable non poderá superar as contías establecidas no REAL DECRETO 462/2002 do 4 de maio, e a Orde HFP/792/2023, de 12 de xullo. Para o caso de axudas de custo e/ou aloxamento deberá achegarse na xustificación a acreditación do seu aboamento efectivo.

O documento do recoñecemento por parte da persoa ou persoas afectadas da indemnización por gastos recibidas presentárase en formato orixinal ou no seu defecto copia compulsada e reflectirá o recoñecemento (“recibi”) da dita persoa das cantidades e conceptos ás que corresponde.

TERCEIRA.- ACHEGA MUNICIPAL

1. O Concello contribúe ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira cunha achega de **20.000 €**.

2. Tendo en conta a contía da subvención e de conformidade co artigo 34.4 da Lei 38/2003, do 17 de novembro e artigo 31.6 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, o pago da subvención realizarase mediante pagos anticipados de acordo cos seguintes prazos e contías:

- Primeiro prazo: 50% do importe (10.000 €) tras a sinatura do convenio.
- Segundo prazo: 50% do importe (10.000 €) ao xustificar o total da subvención.

3. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe concedido, a cantidade que aboará o Concello de Ferrol reducirase proporcionalmente.

Agora ben, se a cantidade correctamente xustificada non acadase o 50% do importe concedido, non se considerará cumprida a finalidade básica da subvención, polo que non se aboará cantidade ningunha.

4. O importe do financiamento municipal farase efectivo con cargo á reserva de crédito feita na aplicación orzamentaria 05101-3341-48000 do orzamento 2024.

5. A axuda concedida polo Concello de Ferrol ten o carácter de máxima e non ampliable, polo que calquera incremento que poidan experimentar os gastos inicialmente previstos correrán por conta do beneficiario deste convenio de xeito exclusivo. O anterior entenderase sen prexuízo de que o beneficiario da subvención poida solicitar a colaboración (valos,

contenedores, electricidade, ...) daqueles servizos municipais que sexan imprescindibles para a realización da actividade subvencionada sempre e cando a dita colaboración non afecte ao normal funcionamento destes.

6. A subvención do Concello de Ferrol é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención municipal, non supere en ningún caso o custo total da actividade subvencionada.

7. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do custo da actividade, minorarase a aportación municipal no importe excedido.

CUARTA.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. De acordo co artigo 29.1 e 2 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, os beneficiarios poderán subcontratar ata unha porcentaxe do 100%, do importe da actividade subvencionada, nos termos fixados no citado artigo.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas ao ATENEO FERROLÁN, nin con calquera na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións.

2. Se o beneficiario tivera necesidade de contratar os servizos de terceiras persoas ou entidades para realizar as actividades obxecto deste Convenio, deberá observar estritamente as obrigas que aos empresarios ou empregadores impoña a lexislación vixente en materia de Seguridade Social e Seguridade e Hixiene no Traballo.

QUINTA.- PRAZO DE EXECUCIÓN E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. O prazo de execución dos proxectos a subvencionar estará comprendido entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro do exercicio 2024 (os gastos unicamente serán subvencionables se a data das facturas e documentos xustificativos dos mesmos corresponden a ese exercicio)

2. O prazo de xustificación con carácter xeral será de 1 mes, e comeza unha vez que finalizou o prazo de execución das actividades subvencionadas. Establécese como prazo máximo de xustificación, para o caso de actividades que finalicen no mes de decembro, o 31 de xaneiro do exercicio seguinte.

3. No caso de achegar xustificantes que non se axusten ao esixido ou presentar a documentación xustificativa incompleta, se lle notificará á persoa ou entidade beneficiaria da subvención, para que poida emendar, os xa presentados, no prazo de dez días hábiles. Poderase, excepcionalmente e previa xustificación, presentar novos documentos dentro do prazo concedido a tal fin, sen que isto signifique a posibilidade de realizar e ou presentar documentos de gasto e/ou de pago con data posterior á data máxima de xustificación establecida neste Convenio. Transcorrido o dito prazo sen que a entidade interesada atenda o requirimento, entenderase que desiste do seu pedimento ditándose a resolución que lle deberá ser notificada á entidade beneficiaria.

4. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido o prazo de xustificación sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento á entidade beneficiaria para que a presente no prazo improrrogable de quince días.

En todo caso, os documentos de gasto e/ou de pago que se presenten neste prazo excepcional deberán estar emitidos dentro do período máximo de xustificación establecido no Convenio.

A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional suporá a renuncia á subvención outorgada, así como a esixencia do reintegro e demais responsabilidades dispostas na Lei xeral de subvencións.

A presentación da xustificación neste prazo excepcional ou no período comprendido entre a finalización do prazo de xustificación e a notificación do prazo excepcional non eximirá á entidade beneficiaria das sancións que, conforme á Lei xeral de subvencións lle correspondan previa incoación e tramitación do expediente sancionador correspondente segundo a seguinte gradación:

- Atraso na presentación da xustificación ata un mes: sanción do 20% do importe da subvención adxudicada co límite de 450 €. O prazo contarase dende o prazo máximo de xustificación
- Atraso na presentación da xustificación superior a un mes ata tres meses: sanción do 30% do importe da subvención adxudicada co límite de 800 €. O prazo contarase dende o prazo máximo de xustificación.
- Atraso na presentación da xustificación superior a tres meses: sanción do 40% do importe da subvención adxudicada co límite de 900 €. O prazo contarase dende o prazo máximo de xustificación.

5. A tramitación do expediente de pago da subvención suspenderase durante a tramitación do expediente sancionador.

Aplicarase a compensación para o cobramento da sanción.

SEXTA.- FORMA XUSTIFICACIÓN.

1. O beneficiario está obrigado a destinar a subvención municipal á finalidade pactada, así como a proceder a súa devolución total ou parcial no caso de que o proxecto non se leve a efecto, non se execute íntegramente ou a subvención non se aplique correctamente á finalidade para a que sexa concedida.

2. A xustificación do proxecto executado realizarase baixo a modalidade de conta xustificativa simplificada.

Coa xustificación da subvención o beneficiario achegará os documentos seguinte:

- **Instancia de presentación da xustificación.**
- Unha **memoria de actuación xustificativa** do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas, con expresión do calendario e lugar de execución, resultados obtidos, número de persoas destinatarias. Deberá conter ademais:
 - Actividades realizadas
 - N.º de persoas beneficiarias
 - N.º de participantes por cada actividade.
 - N.º de accións de difusión realizadas.
 - % de incremento de accións de difusión realizadas respecto ao ano anterior.
 - % de incremento de participantes por acción respecto ao ano anterior.
 - Resultados obtidos.
- Unha **relación clasificada dos gastos** da actividade, con identificación do acreedor e do documento, o seu importe, data de emisión e, no seu caso, data de pago.
- **Detalle de outros ingresos ou subvencións** que tiveran financiado a actividade subvencionada con indicación do importe e da súa procedencia.

- **Declaración responsable** de que os gastos incluídos na relación que se aporta afectáronse exclusivamente ao cumprimento da finalidade da subvención e do proxecto executado (Anexo II).

3. O órgano xestor poderá comprobar, no seu caso, a través da remisión de como máximo un 10% da totalidade dos gastos, os xustificantes que estime oportunos para o que poderá requirir ao beneficiario a remisión dos mesmos.

4. A documentación que se presente deberá ser orixinal consonte aos requisitos previstos nos apartados c) e d) do artigo 53 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

SÉTIMA.- MODIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DE CONCESIÓN

Se se producise unha alteración significativa das condicións tidas en conta na resolución de concesión e a consecuencia diso non puideran desenvolverse as actuacións da forma prevista nos proxectos aprobados, os/as beneficiarios/as deben comunicalo ao Concello, por escrito en canto teñan coñecemento, e sempre antes de que finalice o prazo de execución das actuacións.

O órgano xestor valorará a incidencia desa alteración sobre as condicións que se analizaron ao admitir o proxecto e emitirá un informe-proposta ao órgano competente (Xunta de Goberno Local) para que este adopte o acordo de aceptación ou non da modificación proposta.

Admítirase, sen que sexa precisa solicitude de modificación, a compensación de partidas de gastos con outros de distinta natureza previstos no proxecto aprobado, sempre que as variacións/compensacións totais non superen o 10% do importe total da subvención.

OITAVA.- REINTEGRO DAS CANTIDADES CONCEDIDAS.

O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá conlevar á obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O dito procedemento realizarase de conformidade co disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e nos art. 91 e seguintes do RD 887/2006.

NOVENA .- CONTROL FINANCIERO.

O control financeiro realizarase pola intervención municipal consonte o previsto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

DÉCIMA .- AUTORIZACIÓNS ADMINISTRATIVAS.

O beneficiario obrígase a obter, no suposto de ser necesario e con carácter previo, as autorizacións administrativas que fosen necesarias (incluída a municipal) para a realización da actividade obxecto do convenio.

DÉCIMO PRIMEIRA.- VIXENCIA DO CONVENIO

O presente convenio de colaboración producirá efectos dende a súa sinatura e conservará a súa vixencia ata o día 31/12/2024.

DÉCIMO SEGUNDA.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICCIÓN COMPETENTE.

1. O presente Convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de

18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicárase a lexislación de contratos do sector público.

2. Corresponderalle aos órganos da xurisdicción contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da dita xurisdicción, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

DÉCIMO TERCEIRA.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO MUNICIPAL

1. Na publicidade que o beneficiario faga sobre as actividades obxecto da subvención (por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais, internet, web...), así como no material empregado nas mesmas e adquirido coa subvención, deberá figurar en lugar destacado o anagrama do Concello de Ferrol.

2. No caso de que o beneficiario recibise subvencións de distintas entidades públicas ou privadas, a publicidade que se lle dea ao financiamento municipal deberá ser, polo menos, análoga á empregada coas demais subvencións.

3. Coa documentación xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga co Concello de Ferrol.

DÉCIMO CUARTA.- USO DA LINGUA GALEGA E DUNHA LINGUAXE NON DISCRIMINATORIA.

As comunicacións co Concello de Ferrol, así como as difusións relativas ao obxecto deste convenio deberán realizarse en galego en cumprimento da Ordenanza Municipal de Normalización Lingüística.

Igualmente, empregarase unha linguaxe non discriminatoria nin excluín-te do xénero feminino.

En proba de conformidade, asinamos este convenio por duplicado exemplar, en Ferrol, na data da sinatura,

Polo CONCELLO DE FERROL,
O Concelleiro Delegado de Cultura
José Antonio Ponte Far

Polo Ateneo Ferrolán,
O presidente
Javier Montero Dongil

A oficial maior como titular do órgano de apoio á XGL “

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade, acordou a aprobación da proposta anteriormente transcrita. ”

E para que conste e ós efectos correspondentes, expídese a presente, de orde e co Visto e Prace do Excmo. Sr. Alcalde, coa reserva á que fai referencia o artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, no Pazo Municipal de Ferrol, na data que figura na sinatura electrónica.

Vº e Pr

ALCALDE ACCIDENTAL